



TEBRA

Recoñece por Patrón tutelar esta parroquia a Sn. Salvador Aso. Sor., de quen celebran a festa no día da súa gloriosa Transfiguración, 6 de Agosto. Habitana 87 veciños, que corresponden polo contencioso político e gubernativo á Xustiza de Sta. María de Tebra. Valen os seus décimos 9.100 reais, que levanta por enteiro o Párroco, quen non ten casa reitoral nin igrexario; pero si percibe de renda anual 1 ferrado de trigo, 1 de centeo, 1 de miúdo e 2 de millo. A fábrica da igrexa cobra 8 ferrados de trigo, 32 de millo, 47 reais e 18 marabedís. Pagaba antes á Mitra de Tui 1 Xantar 200 marabedís vellós; e agora fáino de 30 reais e 26 marabedís. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Nunha entrada que fixeron os portugueses no noso Bispado, a mediados do século 17, queimaron todos os papeis desta Igrexa. Dista de Tui legua e media.” (Ávila y La Cueva, 536).





Igrexa parroquial:

Estamos ante unha igrexa románica con modificacións levadas a cabo ao longo do tempo.

Do románico conserva a ábsida, que é de planta rectangular, e os muros laterais, norte e sur, da nave.

A **fachada principal** (386) sufriu reformas no século XIX. Conserva a porta principal de arco de medio punto e cunha moldura de collarín.

No centro ten unha gran ventá moldurada e de arco rebaixado. Na parte superior ten labrada na pedra a inscrición: “ESTA ES LA CASA DEL SEÑOR”, e na inferior a data “1834”.

Remátase lateralmente cunha moldura que ascende ata a base da espadana e unha cornixa convexa voada. Nos extremos exteriores hai pináculos de antorcha.

A espadana é de dous ocos de arco de medio punto e remátase en cornixa de arco rebaixado con pináculos extremos e cruz resalcelada pétrea central.

Os paramentos exteriores da nave, tanto no lado norte coma no sur, conservan os aleiros de cobixas en caveto e algúns **canzorros** (389, 390, 391, 392) con representacións de animais, algún de bolas e a gran maioría en nacela. Os do lado norte están peor conservados por estar máis batidos.

Nos dous lados conserva as súas portas románicas, con tímpanos lisos sostidos por mochetas e as xambas decoradas con media cana e bolas.

As mochetas da **porta do norte** (388) decóranse con dúas cabezas de boi enfrentadas.

Neste lado engadiuse unha pequena sancristía.

A ábsida é de planta rectangular e no testeiro ten unha seteira de derrame interno.

O tellado é a dúas augas.

No **interior** (393) o teito da nave preséntase en madeira e a dúas augas sobre cerchas que apoian nos muros da nave e adórnanse cunhas mochetas pétreas recentes.

A ábsida presenta unha bóveda pétrea de canón e o arco triunfal é de medio punto. Os paramentos e a bóveda precisan dunha restauración, xa que están recubertos de morteiro de cemento, afeando bastante o conxunto.

Por riba do arco triunfal abríronse no século XIX tres fiestras rectangulares, para entrada de luz na nave, de derrame interno, as dos lados verticais e a central horizontal.

Xunto ao arco triunfal, presenta nos paramentos norte e sur dous altares cos seus respectivos retablos barrocos, practicamente xemelgos.





O do lado norte está dedicaco á Virxe do Libramento e o do Sur á Virxe das Angustias.

O seu estado é, neste momento, moi malo e corren perigo de perderse.

O **retablo da Virxe do Libramento** (394) presenta un corpo de tres rúas sobre unha predela e con ático.

A predela partida en tres por ménsulas de adorno vexetal acolle no centro o Sagrario coa porta profusamente decorada cunha custodia. As casas laterais están ocupadas polas peañas para as imaxes das rúas laterais.

Estas enmárcanse polo exterior por un estípite que no último tercio ten un anxo que sustenta na súa cabeza a ménsula na que se apoia o entablamento. As caixas son planas e de arco de medio punto. Conservan aínda os fondos pintados do século XVIII. As imaxes que as ocupan, Sta. Lucía e o Sagrado Corazón, non son as propias do retablo.

A rúa central enmárcase con dúas salomónicas curiosas, xa que o seu primeiro tercio é cilíndrico, sen espira, separada por un anel, e os outros dous tercios complétanse con tres espiras. Adórnanse con cintas, flores e follas. A caixa é plana e ten o arco trilobulado. Nela, sobre unha peaña, está a **Virxe do Libramento** (395), recentemente restaurada.



393

O ático ocupa soamente a parte central. Con probabilidade os remates laterais xa se perderon. Unha caixa central, enmarcada por dous estípites, adórnase con dúas cabezas de anxo e acolle a **S. Bieito (396)**, que posiblemente sexa a única imaxe propia deste retablo.

Remátase cun espello circular coa Cruz de Calatrava e a coroa real.

O **retablo das Angustias (397)** presenta as mesmas características que o anterior.

As diferenzas máis apreciábeis son que nas caixas laterais da predela non ten peañas, senón espellos con releve de caveiras, e na central está a táboa de Ánimas.

Os arcos da caixa da rúa central e a do ático tamén son distintas.

E o remate superior neste retablo presenta o escudo do Carmelo cruzado por unha coroa.

As rúas laterais ocúpanse cun Nazareno e unha Dolorosa.

No centro, sobre unha peaña, está a **Virxe das Angustias (398)**, de procedencia portuguesa.

E no ático, probablemente a única que corresponde coa época do retablo, S. Roque.



394



395



396

Da antigüidade e importancia desta parroquia noutro tempo fálanos o feito de ter contado como anexo a S. Martiño de Currás, como consta no seu I libro de Bautizados do ano 1652. Aínda que Ávila La Cueva xa a refire dependente dela no ano 1540.

FESTAS E ROMAXES DE S. SALVADOR DE TEBRA

- San Salvador: 6 de agosto.
- Virxe do Libramento: último domingo de setembro.

